

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Como se pode saber o número que vai tocar na lotería?

Os sorteos de lotería comezan en España co rei Carlos III, en 1763, aínda que vai ser coa Guerra da Independencia, a principios do XIX, cando nace a que se chama entón “Lotería Moderna”.

O *Sorteo de Nadal* celébrase desde 18 de decembro de 1812, aínda que non recibe o nome de “Sorteo de Navidad” ata 1919. Celébrase sempre o día 22 de decembro e desde o ano 1771 cantan os números os nenos (as nenas participan só desde 2002) do colexio de San Ildefonso de Madrid. No ano 1938, durante a guerra civil, chegou a haber dous sorteos: un en Madrid, o do bando oficial, e o de Burgos, organizado polos insurrectos golpistas.

O apelativo popular de “Gordo” débese ao gran importe do premio que se reparte.

Outro sorteo extraordinario destas datas denomínase *Sorteo do Neno*. Creouse en 1941 aínda que non foi ata 1966 cando comezou a chamarse oficialmente *Sorteo do Neno*.

Como se pode saber o número que vai tocar na lotería?

Hai que buscar un lagarto con dous rabos e logo cortarllos e metelos nun caixón con fariña. De alí a pouco aparece escrito na fariña o número exacto que vai caer na lotería.

San Pancraccio, o pirixel e a sorte na lotería

Para atraer a sorte á casa en cuestión de sorteos hai que poñer a imaxe ou a estampa de San Pancraccio, mellor se nolas regalan, e ao lado nun vaso unhas follas de pirixel.

Desde antigo o pirixel é planta asociada á sorte e á saúde, e tamén á morte. Naceu do sangue da ferida que lle provocaron as serpes ao héroe grego Archemorus.

Un caudillo celta venceu a todo un exército romano mandando ao fronte, en vez de soldados, burros cargados de pirixel. Os gladiadores romanos levaban unha rama ou coroa deste planta para animarse e tamén o tomaban para rebaixar os efectos dos excesos na bebida e na comida.

E se non hai sorte, procura acivro



Bicarse debaixo dun acivro en Noiteboa asegura o amor e a descendencia. Por iso, se cadra, é costume decorar a árbore de Nadal e as casas coas pólas de acivro cangadas de froitos, desa cor vermella de esperanza.

[Extracto do libro “[Trece noites, trece lúas. Libro das marabailas do Nadal \(Mitos, ritos, lendas e tradicións do Nadal en Galicia e no mundo de arredor\)](#)”, Xerais, 2011]

As ilustracións son de [Noemí López](#)